



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE ABRIL DE 2020

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior.** Apróbase a acta.

**2.-Aprobación do Plan marco de reactivación económica, Compostela 2020.** Apróbase o Plan marco de reactivación económica, Compostela 2020.

**3.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".**

-Acórdase **recoñecer a validez legal dos documentos asinados dixitalmente** con certificado electrónico cualificado que contén código seguro de verificación (CSV) e que queden almacenados e accesibles a través do punto de verificación mediante CSV na solución de administración electrónica adquirida ao provedor T-SYSTEMS IBERIA SAU. Tamén se acorda recoñecer a validez legal o punto de verificación mediante CSV, proporcionando pola solución de administración electrónica adquirida ao provedor T-SYSTEMS IBERIA SAU, de xeito provisional accesible unicamente desde o sistema informático municipal, e que pasará a ser un apartado da sede electrónico do Concello cando esta entre en funcionamento.

- Apróbase a proposta da concelleira delegada de Facenda de **dar continuidade aos procedementos de contratación durante a vixencia do estado de alarma** para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID19.

-Acórdase, a proposta da concelleira delegada de Urbanismo, **levantar a suspensión de termos e prazos e dar continuidade á instrución, ordenación e resolución daqueles procedementos administrativos cuxo obxecto sexa a concesión de licenzas de obra e licenzas de apertura de actividades non suspendidas polo estado de alarma** e Orde 340/2020 de 12 de abril nos que conclúan as circunstancias habilitadas como excepcións nos Reais Decretos 463/2020 de 14 de marzo e 465/2020 de 17 de marzo. **Tamén se acorda levantar a suspensión de termos e prazos e dar continuidade á instrución, ordenación e resolución daquelas comunicacións previas de obras e apertura de actividades non suspendidas polo estado de alarma** e Orde 340/2020 de 12 de abril nos que conclúan as circunstancias habilitadas como excepcións nos Reais Decretos 463/2020 de 14 de marzo e 465/2020 de 17 de marzo. Por último, aprobouse o modelo de comunicación de conformidade (coa continuación na instrución, ordenación e resolución de expediente e a non suspensión de prazos de tramitación dos procedementos).

-Acórdase **convalidar os contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia** e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de Goberno local na sesión do 13/03/2020, que se indican a continuación:

- “Servizo de limpeza para 20 persoas sen teito Concello de Santiago de Compostela “Convenio de colaboración co Seminario Menor de Belvís, adxudicado a LIMPEZAS SALGADO, S.L, por un prezo de 16,94 euros a hora (IVE incluído) os días laborables, e 26,62 euros a hora (IVE incluído), os domingos e festivos.

- “Subministración de material de autoprotección policial” para os efectivos da Policía Local de novo ingreso, adxudicado a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., por un prezo de 7.140,21 euros (IVE incluído).
  - “Subministración de 5.000 máscaras cirúrxicas Mascqca” para o persoal e voluntariado do Concello de Santiago, adxudicado a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., por un prezo de 5.566 euros (IVE incluído).
  - “Subministración de uniformidade e complementos básicos policiais para os efectivos da Policía Local de novo ingresos”, adxudicado a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., por un prezo de 21.654,46 euros (IVE incluído).
  - Servizos para a realización dun curso de formación “on-line” de “Operadores de pistolas TASER” par o persoal de novo ingreso no corpo da Policía Local, adxudicado a NIDC DEFENSE GROUP, por un prezo de 3.599,99 euros (IVE incluído)
  - “Servizos para a realización dunha campaña de comunicación “Rompe o silencio. Tecendo redes contra as violencias machistas”, adxudicado a UQUI CEBRA, S.L. por un prezo de 7.018 euros (IVE engadido).
- Dase conta da acta de paralización das obras de execución do proxecto básico e de execución do edificio Multiusos en Lavacolla. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2018”, provocada con motivo do estado de alarma decretada pola COVID19.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a levantar a suspensión e continuar coa tramitación do procedemento e conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar e piscina en Rúa Pequena, 49 Santiago de Compostela. LIC/1982/2019.** Acórdase aceptar a cesión do viario formalizada en escritura pública, e conceder a licenza para realizar a obra conforme ao proxecto básico e de execución.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de prórroga de arrendamento presentada por un particular en relación ao piso arrendado ao Concello sito en R/ do Medio, 65-1º en Santiago de Compostela.** Acórdase outorgar á arrendataria unha prórroga excepcional de 6 meses, para permanecer na referida vivenda ata febreiro de 2021, inclusive, durante os cales se seguirán aplicando os termos e condicións establecidas para o contrato en vigor.

**6.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Acórdase o recoñecemento extraxudicial dos seguintes créditos:

- Recoñecemento extraxudicial de crédito formulado polo Servizo de Educación, relativa aos gastos por prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs dependentes do Concello, correspondente ao mes de febreiro, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 87.565,90 euros a favor de Servicio Centros Públicos Santiago de Compostela UTE (UTE Ferroviario Servizos SA e Ferroservizos Auxiliares)
- Recoñecemento extraxudicial de crédito formulada pola Dirección de Área de Réxime Interior, relativa aos gastos polo alugueiro dos locais ocupados polo servizos de Parques e Xardíns, Proxectos e Obras e Bombeiros na Estación de Autobuses, aprobación de indemnización substitutiva por importe de 6.624,29 euros a favor da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano (TRALUSA).
- Recoñecemento extraxudicial de crédito polo Parque Móbil Municipal, relativa aos gastos por prestación do servizo de subministración de recambios e pneumáticos para o Parque Móbil Municipal no período comprendido entre o 01/12/2019 a 21/01/2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 8.065,88 euros a favor dos provedores Rec. Santiaguese e N. Pájaro, S.L.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao expediente de modificación das bases de execución o orzamento municipal do exercicio 2020.** Acórdase

aprobar a modificación da base 34 das bases de execución do orzamento municipal para incluír o procedemento de pago mediante o sistema de anticipo de caixa fixa.

**8.- Proposta de concelleira delegada de Políticas de Igualdade para dar conta do fallo do premio de ensaio e creación audiovisuais XOHANA TORRES, edición de 2019 e recoñecemento das obrigas ás persoas premiadas.** Acórdase aprobar o recoñecemento de obriga derivada da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2019, a favor, na modalidade de ensaio, de Dona Ana Garrido González, por importe de 2.500 euros polo seu traballo “Da viúva do vivo á muller navegante”; e a favor na modalidade de creación audiovisual, de D. Santiago Teijelo, por importe de 2.500 euros polo seu traballo “Filucha de Taramancos”.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 81, da titularidade de don J.C.O a J.M.C.O.** Apróbase a proposta.

**10.- Dar conta da addenda de prórroga dos acordos da Comisión Bilateral vixentes relativos ao Plan de Vivenda 2013-2016.** Dase conta da addenda subscrita polo Ministerio de Transportes, o Instituto da Vivenda e Solo e o Concello de Santiago de data 18 de marzo de 2020, que amplía o prazo de vixencia dos convenios asinados ao amparo do Plan 2013-2016 ata o 31 de decembro de 2020.

**11.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais para o ano 2020.** Dase conta e apróbase o convenio polo que a Fundación Refuxio de Animais xestionará o Refuxio Municipal de Animais e realizará actividades de coordinación, asesoramento, docencia e investigación en materia de coidados e asistencia dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro; ademais de garantir unhas condicións adecuadas para o coidado e custodia dos animais abandonados. O concello colaborará coa fundación e compensará polos gastos desta xestión cunha cantidade de 200.000 euros anuais, que se aboarán co periodicidade trimestral e por trimestres anticipados, mediante 4 aportacións de 50.000 euros cada unha.

**12.- Dar conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL).** Dase conta.

**13.- Dar conta de Sentenzas.** Dáse conta da senteza sobre xustiprezo dunha finca do polígono do Tambre, expropiada, na que o Xurado de expropiación de Galicia estableceu un prezo 344.415,57. O TSX estima parcialmente a impugnación da propietaria e fixa un xustiprezo final de 588.032,10 euros.

## **URXENCIAS**

**1. Proposta de modificación das ordenzas fiscais número 0.00 Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público e 3.24 da Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público.** Apróbanse as seguintes propostas:

- Modificación da “Ordenanza =.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público”, para:

- Habilitar á Xunta de Goberno Local a que poida adaptar o calendario fiscal dos tributos que se xestionan mediante recibo
- Habilitar á Xunta de Goberno local a ampliar o prazo para acollerse ao sistema especial de pago e a modificar as datas previstas para o pago mediante o sistema especial de pago
- Reducir o importe mínimo da débeda para conceder aprazamentos e fraccionamentos, pasando de 300 euros a 150 euros.

- Modificación 3.24 da “Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público, para:

- Incluír unha cláusula que nos supostos de estado de alarma, de excepción, e de estado de sitio se poida reducir o importe do recibo en proporción aos días que dure a limitación da ocupación

**2. Proposta de autorización da devolución da fianza constituída pola empresa F. GÓMEZ Y CIA, por importe de 3.649,70 euros para responder do contrato de “Repavimentación do entrono do Parque de Santa Susana”. Acórdase autorizar a devolución.**

**3. Proposta de aprobación do Convenio de colaboración coa Fundación Granell para o ano 2020.** Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Granell por importe de 155.000 euros.